

SESIÓN FORMATIVA SOBRE METEOROLOXÍA E APARATOS METEOROLÓXICOS EN METEOGALICIA



OBXECTIVO PRINCIPAL

Achegar a Meteoroloxía á poboación, ben se trate de alumnos pertencentes a centros educativos ou de asociacións diversas.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

En primeiro lugar mostrárase a sala de predición, na que se explicarán as ideas básicas da predición meteorolóxica e as ferramentas que se empregan.

Posteriormente, farase unha breve presentación, que supoñerá unha iniciación á Meteoroloxía e Climatoloxía, sempre adecuada ó nivel e ós coñecementos previos, así coma ós intereses do auditorio.

Para rematar, haberá unha mostra de aparellos meteorolóxicos, na que se explicarán os distintos sensores e a súa utilidade, así como se tratará o traballo de observación meteorolóxica e o mantemento da rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia.

Os martes esta actividade irá acompañada do lanzamento dunha radiosonda meteorolóxica que, impulsada por un globo, proporciona información sobre o estado actual da atmosfera. Levarase a cabo antes da sesión formativa.



HORA DE COMEZO

Martes: 10:00h, mércores: 10:30

DURACIÓN

1 h 15 min - 1 h 30 min

NIVEL RECOMENDADO

A partir de 3º de Primaria